

2

A I N C O R P O R A C I O N O D E C A S T E L A O  
A R E N A C E N C I A G A L E G A

Por VALENTIN PAZ-ANDRADE

Queirase ou non, todol-os galegos sentiremos éste anxeio grande e ledizoso de asistir ao rexurdimento de unha patria que parecía morta.

CASTELAO, O

O HOME E O ESTILO

A chispa choutóu no pedernal da lingua. Na estrutura nai do feito diferencial. E, pol-o tanto, ultraresistente, como elemento connotativo, definitorio, configurador.

No lindar ocestino da Romanía, o primoxenito semellaba ter os días contados. Doce longos séculos de historia, e tamén de cultura -ágrafa ou non-, corrian o risco de se esluir para sempre.

Fora na Edade Meia lingua de medrado alento e conqueridor acento. Inzara con folgura e comprimento desde os eidos de formación, ao Nordeste e Sueste da península. 1. Carreira que tamen tiña dimensión vertical. Rubira desde o povo a ser lingua de reis e de "clers". Se non por capilaridade social, pol-a súa probada capacidade expresional para a lírica trovadoresca. 2.

Resgatar para o idioma propio a plenitude da usualidade, eis o primeiro mandamento do novo decálogo. Que non era menos nin máis que o da restitutio etnolóxica. Todas as restitutio ou non-o son ou son in integrum.

Visión primeira, máis visión certa. Sin a rehabilitación da súa lingua, non chegaría un povo a conquerir nin a integridade do ser, nin a súa verdadeira imaxe. Ben se comprende, pol-o tanto, que na fase primeira, o galeguismo tiña de configurarse como un movemento cultural. Que sendo profundo socialmente, non tardaría en ter proiección política.

As dúas vías puideran se ter por paralelas. A dimensión política do movemento, tiña tamén a súa meta optata, en outra forma de devolutio. A dos dereitos do país ao auto-goberno. Aqueles con que nacera como Reino, aínda que dentro da concepción moderna e occidental do Es-



2  
tado. Non se trataba da reconsagración de unha reliquia. Nin da cura de nostalgias. Mais ben de acabar con un proceso esnaquizante da persoalidade de un povo que tuvo seu peso na historia. E de revirar un proceso secular de servidume, inxusticia e marxinação en outro de semioloxía oposta. A un tempo liberador, repotenciador da nacionalidade aferrollada, e reequilibrante social, cultural e económica-mente.

Foi Roland Bathés quen sinalou a lingua como "sistema de unha nación", e o "estilo" como "sistema de un individuo". 3. Se referimos este pensamento a persoalidade de Castelao, arroxoamos sobre ela unha primeira luz. En Castelao o galeguismo non foi somente unha posición cultural, e despois, pensamento e militancia socio-político. Foi algo mais. Foi o seu insobornabel "estilo" persoal. O seu sistema como artista e como home de acción. Foi a clave do seu ser desde que tal tomou feitura. / como/

#### LIRAS E PLUMAS PRECURSORAS

A pouco de mediar o XIX, na codia do marasmo, un libro rachou a primeira firoga. Tiña un título ledo: A Gaita Galega. 4. Viña a sere a obra príncipe das imprentadas na lingua degradada. Foi seu autor Xoa Manuel Pintos Villar. (1811-1876). Tanto na primeira edición (1852), como na segunda (1854), mantuvo sua firma acobertada tras da imaxe do gaiteiro. Alí se atopa, de colleita propia un primeiro vocabulario galego. O libro contén prosa e verso.

No devalar cronolóxico da corrente que de tal xeito agromara, a belixerancia da poesía mantense. E xa en canle autónomo, con independencia da prosa. Aos dez anos de aquele despunte, a inspiración de unha muller fai lucir a segunda alborada. Que, pol-a fulxencia do seu riolar tiña de ser a primeira. Rosalia Castro (1837-1885), xa casa da con Manuel M. Murguía, publica en Vigo Catares Gallegos, no 1863.

Trátase de un libro chave. Foi o que verdadeiramente descorreu os fechos de sombra. Dezasete anos despois a mesma musa tornaría a cantar <sup>ms</sup> Pellas Novas. 6.

que. No entremeio de unha data e outra, Eduardo Pondal Abente (1835-1917), dou ao prelo seus primeirizos Rumores de los Pinos. 7. Abran composicións en castelán e galego. As segundas non tardando moito tempo serían rexuntadas con novos poemas, baixo rubro definitivo: Queixumes dos Pinos, enteiramente composto en galego. 8.



3

No mesmo ano de Follas Novas, outro poemario estear publicóuse en Ourense: Aires da Miña Terra, de Manuel Curros Enriquez. 9. Lírica de aberto combate civil, que xa de saída entraría en roza-  
mento con a dalmática bispal. Acontecemento que acelerou a consagra-  
ción da obra, confirmada pol-a sucesión de edicións. E a traducción  
ao castelan, feita por Constantino Llopart, con prólogo de Blasco  
Ibañez. 10.

As sementes a florir nos eidos da poesía caíran xa en outro  
sulco. O da prosa xornalística e humorística. No 1876 foi cando Va-  
lentin Lamas Carvajal (1849-1906) botou as ruas de Ourense O tío  
Marcos da Portela, tribuna de un loitador, aínda que cego, visiona-  
rio. Na primeira xeira publicóuse ao longo de catorce anos. (1876-  
1890).

O valente exemplo tería logo seus renovos. O mesmo fora que den-  
tro das fronteiras do país. No 1885, como trimensal, saía na Habana  
A Gaita Gallega, en formato de Revista. Fora fundada por "Chumín de  
Celtigos" e "Roque das Mariñas". Os seudónimos galianos, mais que en-  
cobrian, os nomes de Ramón Armada Teixeira (1858-1920) e Manuel Lu-  
grís Freire (1863-1940). Durou catro anos.

Outro precedente na mesma agra cultural sería A Monteira. Foi  
fundada en Lugo por Amador Montenegro Saavedra, (1864-1932). 11.  
Publicóuse de Outubro do 1889 ao mes de Santos do 1890. A relación  
non é esgotadora do material inventariabel. Mais pode ser de abondo  
para lle dar fondo histórico a evolución cultural de que quixeramos  
deixar imaxen.

#### GRIACION DO ALENTO CIVIL

Compre lle reconecer, aos antecedentes até agora calendados,  
a gravidez histórica que teñen. E a súa fertilidade xestatoria. Para  
lle dar ao cadro seu total comprimento, teríamos que retrolevar a  
conta cando menos ao 6 de marzo de 1856. Foi de aquela que os estu-  
dantes de Sant Yago, baixo a Carballeira de Couxo, xuntaron a traba-  
lladores, menestraes e patróns a carón da mesma taboa. A do famoso  
"banquete de Couxo". 12. E foi cando dous poetas noviños aínda, Au-  
relío Aguirre mais Eduardo Pondal, cantaron as liberdades e a demo-  
cracia galegas. A catro anos do libro de Pintos e con sete de adian-  
to ao primeiro de Rosalía.

Tiña de sere o Castelao político quen proclamaría, en ben es-



4

collido intre, o servizo glorioso de que Galiza é debitora aos seus bardos. A primeira vez que como Diputado se erguéu nas Cortes da Segunda República, deixou entremeiada no discurso unha ben tallada cuña

"La resurrección de nuestra lengua en el siglo XIX, fué un servicio a la democracia, y los poetas gallegos fueron los creadores del aliento civil de la Tierra. El gallego se habla por la mayoría de los habitantes de Galicia y es por todos entendido". 13.

Mais a fase primeira do proceso reestructurante -centrado no seu erguemento da lingua-, aínda demoraría tempo en coallar. O mesmo na rasante popular como na culta. Maormente as mentalidades políticas tardarían demais en lle descubrir a fala propia valores de proselitismo. Aqueles <sup>que</sup> anos máis tarde lle foron reconocidos.

No 1887, xa con Rosalía, Curros, Pondal, Añón, Lamas... na avangarda bárdida rexistróuse en Lugo outro evento histórico. Aquele no que os federalistas aprobaron o "Proyecto de Constitución para el futuro Estado Gallego". Fora xa composto na asamblea rexional de maio de 1883. Está redactado en castelán. 14. Aínda sorprende máis que non faga referencia ao idioma propio. Primeiro, por ter encaixe obrigado na declaración de principios como dereito do home galego. Despois, por se atopar entre os firmantes dous poetas -Manuel Leiras Pulpeiro e Aureliano J. Pereira-, que en galego escribiron toda a súa obra. Outro tanto pudiera decirse de rexionalistas tan belixerantes como Castro Lopez, Moreno Barcia, Tapia Ségude, Dominguez Troncoso e outros.

Nos idus do 89 lanzóu Alfredo Brañas "El Regionalismo". 15. Viña chamado a ser libro de cabeceira do movemento. Tamén se escribiu en castelán. Non somente por abranguer maior espallamento. Cecaís pol-o retardo no proceso de elaboración e axilización da prosa, da que aínda se dispuña de escasos modelos. Si ben é certo que Brañas non tiña semellante carencia, pois no mesmo ano traduxera do catalán ao galego o discurso de Guimerá nos Xogos Froroes de Barcelona. 16.

Mais xa dous anos despois, no 91, Manuel M. Murguía, como Presidente dos Xogos Froroes de Tuy, constrúe en galego seu magistral discurso. 17. O que non foi tomado en conta dous anos despois, cando o propio Murguía, con Brañas, Cabeza de León e Tarrío, membros do Comité Central Regionalista de Galicia, lanzan a rúa un manifesto político. Vai dirixido "a sus paisanos". 18.

Terán de pasar aínda catro anos, para que apareza o primeiro documento político en galego. 19. Sería o "Regramento da sociedade Liga



5

Gallega na Cruña". Foi suscrito por tres firmas veteranas na loita: M. Lugris Freire, Eugenio Carré e Salvador Golpe. 20.

### FIGURAS E OBRAS

A xusgar pol-os pasos xa dados, ben se podía agardar con bon agoiro ao novo seculo. Maiormente pensando en que o movemento tomaría novos azos. O movemento que aínda se chamaba "regionalista galego", na fala e na escrita dos seus ~~padrales~~ padrales. Brañas e Murguía en liña sobranceira. 21. Entestando a segunda, Salvador Golpe. 22.

Murguía e Golpe, con Andrés Martínez Salazar, Uxío Carré Alda, Francisco Tetamancy, Manuel Lugris Freire, Florencio e Cesar Vaamonde Lores, Evaristo Martálo Pauman, Eladio Rodríguez Gonzalez e algún máis de menos asiduidade mantiñan aceso ao lume sagro da Cova Céltica. Así fora bautizada a trastenda da Librería Carré, onde aquele ilustre feito se xuntaba a cotío.

Durante moitos anos, de alí saíron ou alí se enforaron iniciativas impulsadoras da cultura galega. A de máis duradoiro alento foi a edición da Biblioteca Gallega. Arrancou no 1885 con "Los Precursores" de Murguía e chegou a lanzar 52 volumes. Tamén a Cova Céltica dou vida ao primeiro "Boletín Bibliográfico", con saída mensual, e recollen do cantas novidades se rexistraban no mercado rexional e aínda europeo do libro. 23.

Da mesma patronía temos aínda a rexistar outro acontecemento sobranceiro. O 4 de agosto de 1907, saíu a rua na Coruña o quincenario "A Nosa Terra". O primeiro do mesmo nome, que xa vai na terceira reencarnación.

Na cabeceira do xornal, ao par das letras do título, outra vez o símbolo do gaitero, con monteira, chaleque e cistelas. Ao xeito do que Pintos escollera como seu alter ego literario.

O nome do director non figuraba. Non podía ser outro que Murguía con axuda de todos os seus compañeiros da Cova Céltica. Aínda que o título prometera outra cousa, o periódico compartía o castelán con o galego. Mais non era indefinido politicamente. Desde o número 1 ao 60 -non se publicaron máis-, foi órgano de "Solidaridade Galega", militancia paralela a da "Solidaritat Catalana".

Algúns membros deste partido -Santos Vall, Juan Beltran e até o poeta Maragall- conlaboraron no xornal galego. As súas campañas tiñan complemento de irradiación ideolóxica, na tribunal oral, a traveso de



6

vilas e cidades galegas. O mesmo feixe de promotores cubría os dous flancos da campaña.

Deixóu de se publicar en outubro de 1908 cando Castelao aínda non rematara a carreira. A campaña da "Solidaridade Galega" non semella ter provocado correntes de adhesión activa na masa estudiantil. Tería, en troques, de contar con figuras do claustro de profesores, como Barcia Caballero, Cabeza de León e algún mais.

#### DEVANCEIROS NA PROTESTA SOCIAL

Canto se remata de enfiar non era letra morta. Non podía sere, ao menos para un "galego quimicamente puro", polo que Castelao se tiña. Para il sempre sería historia viva, que se non podía deixar esmorecer. Ben ao contrario, tanto a súa xeración como as vindeiras, atopábanse na obriga de lle dar seguimento a renacencia, e facel-a a cada intre mais fonda e mais liberal.

Os primeiros atinos cecais viñan do exemplo de Xosé Cao. E asíñaladamente a dupla apertura do arte e o pensamento, ao servizo de unha causa reconstituente da comunidade. Non de unha cobiza persoal. Mais os latexos premonitorios non huberan chegado mais lonxe, se as fontes culturais nas que despois abeveron, non foran o que foron. O suficientemente reveladoras do drama que a súa patria viña arrastando. Se non foran de abondo para por en descuberto o eixo ideolóxico, que tiña por cabeceira a obra dos Precursores. E, sobranceiramente, o senso de contestación vindicatoria mergullado na mesma.

Aínda que se non fixeron estudos de certo calado, adicados a por craridade no campo a que agora apuntamos. A desvendar o ante-Castelao que axudara mellor a enxergar o Castelao real, e non o post-Castelao. Mais algunhas constancias emerxentes, a conta de froitos firmes e logrados, coído que poderían adiantarse. Cando menos as que remanecen do home e a obra con algunha diafanidade, e relevancia de abondo.

Por éste camiño semella doado descubrir un fio directo entre Rosalía e Castelao. A raíz social na poesía da primeira e na denuncia crítica do segundo, semellan responder a unha coordenada compartida. Mais subxacente que explícita, desde logo.

Denantes da primeira, a corda que na lira do Sar escomenzou a vibrar, cuasi non fora pulsada. Despois incorporouna Curros Enríquez, sumando ao social xa consagrado, o acento político. No bardo de Celas



7

nova a protesta civil faise mais continxente, mais cinguida a fenomenoloxía da loita.

De Rosalía e de Curros arrínca mais directamente, que de ningunha outra fonte galega, a revolta de Castelao. Refírome aos dous como alcaloides de un fenómeno continuativo na liña profunda, mais sen chegar ao debito formal. E, ademais, con un contido artístico-social no que Castelao nin tuvo precursores sin por agora continuadores a nivel paralelo.

A pesquisa podería levarse mais adiante, con risco de perder expresividade nos resultados. Mais cecais veña a xeito engadir algo. Castelao non foi un exemplo isolado de artista ou de intelectual, como mais ou menos foron os devanceiros. Formouse dentro de unha constelación xeracional, onde atopou sempre respostas converxentes. Foi o primeiro caso nos anais da cultura galega, no que tal fenómeno se dáu. Pol-o menos con tan rica conxunción de valores intelectuales, e con tanta homeomorfía de nivel e cubrindo un espectro tan irisado e cobizoso.

Pousa Nova do Mar, setembro, 1981.

W. Gallego



- 9
21. Manuel Murguía, El Regionalismo Gallego, Imp. "La Universal", La Habana, 1889.
  22. Salvador Golpe, Patria y Región, Tip. de "El Noroeste", La Coruña, 1897.

VIGO, SETEMBRE, 1981.





V I I I

Notas:

0. Castelao, Sempre en Galiza, Edición "As Burgas", Buenos Aires, 1944, p. 13.
1. Valentin Paz-Andrade, A Galecidade na Obra de Guimaraes Rosa Editorial do Castro, A Coruña, 1977.
2. Teóphilo Braga, Cancioneiro Portuguez da Vaticana, Imprensa Nacional, Lisboa, MDCCLXXVIII.
3. José Augusto Seabra, Poética de Barthes, Brasilia Editora, Porto, 1980.
4. A Gaita Gallega, Imp. de D. José y D. Primitivo Vilas, 2ª ed. 1856, Pontevedra.
5. Rosalía Castro de Murguía, Cantares Gallegos, Imp. de D. Juan Compañel, Vigo, 1863.
6. - Follas Novas, La Ilustración Gallega y Asturiana, Madrid, 1880.
7. Eduardo Pondal, Rumores de los Pinos, Est. Tp. Manuel Mirás, Santiago, 1877.
8. - Queixumes dos Pinos, Latorre y Martinez Editores, 1886, La Coruña.
9. Manuel Curros Enriquez, Aires da Miña Terra, Prólogo de D. José Ogea, Tip. A. Otero, Editor, Ourense, 1880.
10. - Aires da Miña Terra, Bernardo Rico, Madrid, 1892.
11. Gustavo Luca de Tena, Lengua, Cultura y Periodismo en Galicia 1876-1936, Cuadernos para el Diálogo, Madrid, 1976.
12. "Boletín de la Real Academia Gallega", núm. 116, 1º ab. 1917, Coruña.
13. Discurso no Congreso de los Diputados de Madrid, pronunciado o de setembro de 1931.
14. Proyecto de Constitución para el futuro Estado Gallego, José Miguez Peinó y hermana, impresores, La Coruña, 1887.
15. Alfredo Brañas, El Regionalismo, Jaime Molinas, editor, Barcelona, 1889.
16. Discurso do Presidente dos Xogos Florales de Barcelona, don Anxelo Guimerá... traducido do... catalán por Don Alfredo Brañas, Imp. de José M. Paredes, Santiago, 1889.
17. Vicente Risco, Manuel Murguía, Galaxia, Vigo, 1976. p. 75.
18. "El Comité Central Regionalista de Galicia a sus paisanos", Imp. J.M. Paredes, Santiago, 1893.
19. Precedéuno un documento literario "Estatutos pro bono reximen dos Xogos Florales de Galicia", Dieguez e Otero impresores, Santiago, 1901.
20. Impreso na Cruña, Librería de Carré, 1898.

